



EQUIPOS DE
DINAMIZACIÓN
DA LINGUA
GALEGA

CEIP DA POBRADO BROLLÓN

MEMORIA

PROXECTO PARA O

FOMENTO

DO USO DO GALEGO

CURSO 2020-21

OBXECTIVOS

1- O contexto sociolingüístico do Centro.

- Fomentar a participación activa nas festas e tradicións do entorno e nas celebracións do centro.
- Valorar as manifestacións culturais e as tradicións do entorno próximo e por extensión, da nosa comunidade autónoma, como un conxunto de valores enriquecedores.
- Facilitar o coñecemento do patrimonio material e inmaterial de Galicia, así como fomentar comportamentos respectuosos e comprometidos coa súa conservación, poñendo en marcha accións que permitan mellorar ou ampliar o coñecemento sobre o patrimonio natural, cultural, lingüístico, arqueolóxico, histórico, artístico e industrial da nosa comunidade.

2- Situación do profesorado.

- Presentar propostas para a consecución dos obxectivos de Normalización Lingüística incluídos no PEC.
- Propoñer á Comisión de Coordinación Pedagóxica as modificacións necesarias do Plan Xeral para o uso do idioma.
- Elaborar e dinamizar un plan anual de actividades tendentes á consecución dos obxectivos plantexados.
- Actualizar e desenvolver o Proxecto Lector para este curso.
- Promover actividades que fomenten a lectura dende as posibilidades da biblioteca do centro.

3- Situación do alumnado.

- Valorar e estimar a lingua galega facendo uso dela nas relacións interpersoais e educativas.
- Iniciarse no manexo de diferentes formas de información para poder transmitirla de xeito oral e escrito.

4- Situación lingüística do centro

- Habituar a toda a comunidade educativa á utilización da biblioteca con finalidade recreativa, informativa e de educación permanente.

- Promover a sensibilización, a implicación e o compromiso do profesorado, do alumnado e de toda a comunidade educativa por ofertar posibilidades para que o tempo de lecer sexa fonte de enriquecemento persoal e social, coñecendo elementos propios da cultura galega e establecendo pontes con outras culturas.
- Potenciar a función da escola como centro de cultura aberto á comunidade.

Avaliación do proxecto respecto dos obxectivos propostos

O NIVEL DE PARTICIPACIÓN DA COMUNIDADE ESCOLAR: foi moi alto; participou o 100% do profesorado, do alumnado, do persoal non docente e dos pais e nais.

IMPLICACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA: Neste proxecto participou toda a comunidade educativa. O Claustro colaborou e implicouse na súa totalidade nun 100%. O alumnado participou tamén sempre cun alto grado de motivación. As familias colaboraron sempre moi positivamente, aportando a información nas actividades de recollida de contos, lendas, refráns, traballos de investigación sobre as escolas, os sequeiros, os muiños.... así como a súa presenza en actividades complementarias como Samaín acudindo ao cole a contar contos de medo na hora de ler, Nadal, Entroido, Letras Galegas....

Tamén colaborou o concello co que se traballou en algúns aspectos tanto en propostas feitas dende o concello: na revista do concello, nun programa de radio con onda cero para o concello....

Outras veces participou en actividades propostas dende o centro: visita ao castro de San Lourenzo levando como guía ao arqueólogo Xosé Gago que está a traballar para o Concello, entrevista na nosa radio escolar, asistencia a unha sesión de contacontos con Estefanía de Padullés na casa da cultura...

CONSECUCIÓN REAL DOS OBXECTIVOS:

Os obxectivos propostos neste proxecto e cos que se inicia esta memoria, son de carácter xenérico, polo que sería unha utopía dicir que se alcanzaron na súa totalidade, nembargantes o grao de consecución foi moi alto valorando moi positivamente o traballo desenvolvido ao longo do curso en relación a este proxecto.

GRAO DE COLABORACIÓN CON OUTRAS INSTITUCIÓNS:

O grao de colaboración foi moi positivo, posto que se colaborou con:

- CONCELLO:** Este curso, dada a situación da pandemia e o protocolo riguroso que seguimos a fin de acadar un contexto o mais seguro posible o as actividades doutros cursos programadas conxuntamente co concello e institucións próximas foron suspendidas na súa maior parte. Esperamos poder recuperalas nos vindeiros cursos. Aínda así buscamos alternativas naquelas actividades mais relevantes e tendo en conta a situación en relación á pandemia no momento, así como a importancia de conectar a escola coa realidade que nos rodea e moi especialmente coas institucións. Algunhas actividades foron propostas dende o concello:
- Conmemoración do día da non violencia de xénero:** Acudiron ao centro o alcalde, profesionais de servizos sociais e concellais. Entregáronlles aos nenxs un xogo dos Bolechas con temática do concello e da igualdade.
- Día da muller:** Acudiron ao centro profesionais de servizos sociais e representantes do goberno. Entregáronlle un porta máscaras e mascararas. Esta actividade dado o bo tempo fíxose no patio.
- Programas de Radio Escolar:** a través destes programas, traballamos a entrevista, a investigación e coñecemos a persoas relevantes do noso concello. **Entrevistamos a Xurxo Ayán Vila** arqueólogo que está a dirixir as excavacións no Castro de San Lourenzo e en Vilachá..., contounos como investiga combinando a ciencia coa saibiduría do pobo e as lendas. Falounos dos libros, de como chega ás mans do escritor a través das editoriais un libro dende que o crea ata que está preparado para ser publicado, dada a data do día do libro próxima e que él ten publicados varios.
Tamén entrevistamos ao alcalde do Concello que nos falou sobre o camiño de inverno, especialmente o tramo que pasa polo noso concello. Esta actividade está enmarcada dentro do proxecto Voz Natura, que este ano versou sobre o Camiño de Inverno e que nos titulamos: “O camiño Guímaro”.
- Colaboración co colectivo Lemos Le:** Dada a situación orixinada pola COVID-19 este curso non se fixeron reunións presenciais. Dende a distancia creamos as recomendacións lectoras das biblios da zona: recomendacións lectoras para o Nadal e para o verán.

PROPOSTAS DE ACTUACIÓN DE MELLORA

Acadar unha nova realidade que nos permita voltar ás actividades de interacción e presenciais.

Contar cos recursos económicos necesarios.

DESCRIPCIÓN DAS ACTIVIDADES REALIZADAS.

1. Actividades para a recuperación e a exaltación de costumes e tradicións populares galegas

Calendario Estiño: Colaborouse na elaboración do calendario da Asociación Estiño, este ano sobre o tema "O río". A cada centro participante tócalle unha parte do debuxo para crear entre todxs un calendario coa imaxe do río e a flora e fauna. Crease un calendario que venden os colexios participantes para recaudar fondos de axuda a Nicaragua.

Samaín: Celebración do Samaín Este ano dadas as medidas de protección non acudiron as familias a contar contos na hora de ler, pero puideron facelo enviando audios e videos aloxamos na páxina web do colexio e logo vimos nas aulas Durane esa semana, na hora de ler..

A exposición de cabazas decoradas polos propios nenos e as familias nos que se premia o emprego de material de refugallo tamén se levou a cabo. Realizáronas nos fogares como cada curso, pero este ano enviaron a foto ao correo do centro. Este ano a exposición fíxose coas imaxes das cabazas.

Entregáronse premios ás aulas e as chuches de Samaín en bolsas individuais.

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceippobrabrollon/node/809>

Festival de Nadal

XXX Certame de Contos de Nadal convocado polo centro.

Este curso non puidemos facer festival pero vivimos un Nadal especial, e adaptado ás circunstancias. Creamos a nosa árbore de desexos de Nadal. Os biblioaxudantes escribiron cartas que compartiron en Radio Guímaro...e visitounos Papa Noel.

Participación nos concursos de postais de Nadal e creacións de poesías organizado polo concello.

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceippobrabrollon/node/821>

Celebración do Entroido: “O Meco” trátase dun moneco disfrazado que se situa na entrada do centro e cada día vai dando unha orde para o día seguinte: traer sombreiro, guantes, zapatillas....

curso vivimos un Nadal ben disitinto. O alumnado elaborou, na area de plastica, compadres e comadres que expuxemos na planta baixa do cole pero que este ano non se queimaron.

Indagamos no entroido en Galicia a través do documental de Kepa Junquera: “Mar de terra” e tamén dun documental que nos enviaron familias sobre o entroido en Salcedo na que nos contaron a historia desta festa tan tradicional no nesta localidade.

O venres acudimos disfrazados ao cole, coa única condición de disfrazarnos co que tiñamos na casa. Non valía mercer e tampouco podiamos quitar o disfraz en todo o día.

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceippobrabrollon/node/828>

2. Actividades para o Fomento da Lectura en Galego.

Actividades de Dinamización promovidas dende a biblioteca Escolar:

Danse a coñecer escritores e libros con temáticas diversas: de medo, non violencia, mulleres pioneiras, contos en torno á Paz...libros con temáticas diversas cos que se crearán recunchos lectores en torno a temática conmemoraiva. A biblioteca é a protagonista das conmemoracións ofertando lecturas e autores en relación ás conmemoracións que se van celebrando no centro e aos proxectos de traballo e investigación que se realizan.

Polo Día da biblioteca coñecemos a organización e as normas da biblioteca, así como o protocolo para usala este curso.

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceippobrabrollon/node/808>

Visita dos bolechas: O venres 9 de outubro visitounos Rubén dos Bolechas. A actividade realizouse na biblioteca, dirixida ao alumnado de 1º e 2º que acolleron esta actividade encantadx!

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceippobrabrollon/node/805>

Día das escritoras: Como actividade para esta conmemoración propúxose que cada curso traballara cunha escritora para dala a coñecer despois aos demáis cursos a través dos

grupos estables de convivencia nas aulas. Cada curso traballou sobre unha escritora que logo compartimos a través de montaxes en videos e programas de radio 5º e 6º.

Infantil: Eva Mejuto

1º e 2º.: Anna Llenas

3º e 4º: Elena Villar Janeiro

5º e 6º: Olga Novo.

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceippobrabrollon/node/810>

Non Violencia de Xénero: Unha conmemoración na que pretendemos implicar e concienciar ao alumnado na importancia do respecto entre as persoas e de non quedar impasibles ante unha situación desta índole...todxs debemos actuar para erradicar esta lacra da nosa sociedade. Este curso, ademais da visita dos responsables do Concello durante esa semana vimos cortos con esta temática seleccionados polo Departamento de Orientación.

Os biblioaxudantes crearon lemas de non violencia de xénero e contaron a través dunha montaxe en video o conto de “Artur e Clementina”.

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceippobrabrollon/node/815>

Mes da ciencia: Achegámonos á ciencia, seguimos consultando información nos libros, pois esta é a outra oferta dos libros: ademais de ler por pracer, tamén para consultar información, saber...

Abordamos a ciencia compartindo experimentos dende as aulas, e coñecendo a micoloxia da nosa zona da man da nai de Dani que nos ofreceu unha ruta micolóxica virtual.

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceippobrabrollon/node/816>

Día da Paz: Creamos na biblioteca o recuncho de contos en torno a esta temática. Realizouse un concurso de fotografía baixo o lema “Vexo a Paz” enviando as imaxes ao correo do centro. Con elas elaborouse unha exposición.

Creamos o mural “Cunchas pola Paz”

Os biblioaxudantes contaron no patio para os demais compañeiros o conto de Gloria Sánchez “Armas para morrer de risa”.

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceippobrabrollon/node/826>

Día da Muller: Esta conmemoración facíase conxuntamente cos servizos sociais do Concello na Casa da Cultura. Este curso non puido ser por mor da pandemia pero buscamos alternativas; así que acudiu ao centro Persoal de Servizos sociais e o alcalde

que lles falou aos nenos e nenas da importancia de ser xustos e respetar e valorar as mulleres. Despois entregáronlles un portamáscaras e dúas máscaras a cada un coa simboloxia do concello e do 8 de marzo.

Cada curso seleccionou unha muller relevante para presentar aos demais a través dunha montaxe de vídeo.

O alumnado de 5º e 6º realizou traballos de investigación sobre mulleres pioneiras que despois deron a coñecer en Radio Guímaro.

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceippobrabrollon/node/832>

Día de Rosalía: Traballamos coa biografía de Rosalía e a súa poesía .

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceippobrabrollon/node/829>

Día da árbore e da poesía: A biblioteca únese neste momento a Voz Natura para contar con poemas e libros en relación á natureza. Creamos o noso recuncho de poesías.... Esta semana na hora de ler, tocou ler poesía, crealas e plantar e sementar...

Plantamos un castiñeiro.

Cada curso na hora de ler, fixo o seu semilleiro. Despois levaron cada un unha planta para o seu horto na casa.

Os biblioaxudantes leron poemas de Antoni García Teijeiro; “Chove nos versos” e un creado pore eles nun obradoiro de poesía: “A natureza”

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceippobrabrollon/node/835>

Día do libro: Abordamos esta conmemoración dende varios ámbitos: os libros encerran sempre saber, espertan os nosos soños, a imaxinación... A primeira estivo dirixida ao alumnado de 5º e 6º; unha maña co arqueólogo Xurxo Ayán Vila xa reseñada.

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceippobrabrollon/node/836>

Os bibliaxudantes contaron contos, este curso por primeira vez nas aulas.

Cada curso presentou un autor de contos para nenxs baixo o lema de Bibliotecas Escolares deste ano Xeografías Lectoras

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceippobrabrollon/node/837>

Organízanse recunchos de escritorios: Contamos co recuncho de Manuel María, Carlos Casares, M^a Victoria Moreno, Neira Vilas, Agustín Fernández Paz, Fina Casalderrei, Antonio García Teijeiro. Este curso creamos o de Olga Novo, da nosa localidade, premio Nacional de Poesía polo seu libro “Feliz Idade” e o de Xela Arias.

Continuación coa da Hora de Ler: Como xa é habitual no centro, xs nenxs teñen dentro do horario escolar, 20 minutos para ler todos os días despois do recreo. Este curso creáronse bibliotecas de aula con fondos da biblioteca para saír menos das aulas e ter oferta lectora.

Biblioaxudantes: Ao longo das reseñas das conmemoracións xa se indicou a labor dos biblioaxudantes, que colaboraron na organización e xestión da biblioteca, contando contos a través de vídeos e nas aulas ao final xa de curso. Polo seu labor recibiron o premio de voluntariado de Lectura-A.

Desenvolvemento do Plan Lector: Adicouse unha hora de lingua por semana para cada curso na biblioteca para realizar actividades de dinamización da lectura e da escritura.

Clubs de Lectura: Creáronse dous clubs de lectura, un en 3º,4º na hora de Plan Lector, outro en 5º e 6º tamén nesta hora de plan lector.

Mochilas Viaxeiras: No 2º trimestre iniciamos en todos os cursos de primaria a mochila viaxeira. Esta actividade é moi ben acollida polas familias e alumnado. En infantil fíxose durante todo o curso; os ne@s levaron un conto para a casa os fins de semana, de venres a luns. Van creando a súa axenda coas copias das portadas dos contos que levan.

Establécese unha relación moi enriquecedora a vez que logramos a implicación das familias dunha forma activa e motivadora. Destacar a ilusión con que se acolle esta actividade e a boa predisposición das familias para colaborar en actividades deste tipo. O material da mochila viaxeira é variado e este curso sufriu modificacións introducindo libros e materiais que non compartiron no centro como outros cursos: Introducimos enciclopedias de consulta infantís, libros de experimentos e os escornabots, que se deron a coñecer desta forma ás familias tamén.

A mochila estivo con cada familia tres semanas. Cando finaliza a súa estancia as familias fan as súas reflexións no caderno viaxeiro que se len na aula antes de emprender a visita á seguinte familia. Entregábanse os luns, permanecendo o resto da semana en cuarentena para viaxar o venres desa semana coa seguinte familia.

□ **Celebración da semana das Letras Galegas**

Semana das Letras Galegas:

Letras Galegas: Na páxina web colgamos diversos enlaces para que o alumnado coñecese a Xela Arias realizando traballos de investigación propostos nas aulas.

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceippobrabrollon/node/839>

As actividades programáronse atendendo ao seguinte calendario:

Mércores coñecemos a Xela Arias. Unidades didácticas de Primavera das Letras ou do Seminario Galán

Xoves: Obradoiro de poesía

Venres: Ruta polo Camiño de Inverno. Esta actividade foi posposta á semana seguinte debido a climatoloxía.

Realizamos un tramo do camiño de inverno, xantamos ao aire libre e realizamos un pequeno recital de poesía no que tamén se entregaron os premios do XXXCertame de contos das Letras Galegas.

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceippobrabrollon/node/843>

4. Actividades de apertura e comunicación de cara á localidade: Xa reseñadas.

Colaboración coas bibliotecas da zona a través do colectivo Lemos Le.

Este tipo de actividades este curso estivo moi limitada. Destacamos as xa reseñadas co concello.

Proxecto Radio Escolar: No noso centro seguimos a usar moi asiduamente a radio escolar. Seguiremos a traballar buscando as oportunidades para introducir a radio escolar no currículo, dadas as enormes potencialidades desta ferramenta e a boa acollida no alumnado, que desenvolve destrezas e competencias. Supón unha nova linguaxe, promove a expresión oral, a alfabetización múltiple, o traballo colaborativo. Por outra banda vén a ser un apoio importante para os proxectos a desenvolver, podendo converterse incluso nun formidable produto final.

Entrevistamos a Xurxo Ayán xa reseñado, divulgaron mulleres pioneiras, lecturas compartidas... coñecemos mais sobre o camiño de inverno entrevistando ao alcalde do concello Xosé Lois Maceda.

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceippobrabrollon/node/840>

Continuamos co proxecto de radio colaborativa intercentros entre o noso centro e o CEIP Plurilingüe Virxe do Carme de Sober, con programas de radio de ida e volta a través dos que imos presentando os nosos concellos e respostando a preguntas que nos facemos tamén sobre eles dando a coñecer así os nosos concellos. Resultou altamente positivo, pois ademáis de desenvolver tarefas de investigar, recoller información, organizala e dala a coñecer tamén nos achegamos a un coñecemento mais profundo dos nosos

concellos achegándonos a súa historia, xeografía, recursos, e aprendemos a valorar o noso patrimonio etnográfico e cultural.

Recollemos información a través de distintas fontes: investigación na biblioteca, preguntas ás familias... Este curso só realizamos un programa cada centro acerca dos nosos ríos.

Este proxecto, moi ben acollido por todos, que promoveu traballos de indagación e investigación, análise de información, coñecer os nosos concellos, compartir información e experiencias terá continuidade no vindeiro curso.

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceippobrabrollon/node/818>

Colectivo Lemos Le.

Este curso as reunións mantivéronse dende a distancia. Creáronse trípticos de recomendacións lectoras polo Nadal e o verán.

Implicación e colaboración das familias: Colaboraron en moitas das actividades propostas, involucrándose dun xeito especial dado que non podían acudir ao centro para interactuar con varios grupos. Así que compartiron os seus traballos: contos, documental sobre o entroido de Salcedo coas familias de Antón Lola e Diana, unha ruta micolóxica coa mama de Dani, nos traballos de Samáin, concurso de fotografía polo Día da Paz...

Traballos de investigación acerca do Camiño de inverno Este curso investigamos sobre o camiño Guímaro.

O alumnado de 3º e 4º elaborou unha montaxe recomendando o coidado do camiño.

O alumnado de 5º e 6º traballou buscando información sobre os distintos tramos e etapas, entrevistou ao alcalde.

Creamos códigos QR para colocar nos mollóns que conteñen o traballo de 3º e 4º e a entrevista do alumnado de 5º e 6º ao alcalde.

Exaltación do uso do Galego na escola:

Exposición permanente dos traballos escolares en lingua galega, colocados nun lugar preferente do colexio, na entrada, murais nas paredes...

Elaboración e distribución de slogans de animación á lectura, en diferentes formatos: marcapáxinas, murais, calendarios...

Ao rematar o curso elaborouse un caderno para cada alumno cos traballos realizadso ao longo do curso e que estiveron expostos nas paredes, ventás... dándolle vida ao centro.

Lingua e comunicación

O uso do galego como lingua exclusiva na documentación e, sobre todo, na comunicación do centro: folletos de divulgación e información, circulares, avisos, formularios...

Emprego do galego en todos os actos de conmemoración e celebración a nivel de centro: Día da Paz, Día do Libro, Día do medio ambiente... festivais, festas, etc.

Outras Actividades contempladas no proxecto

Recollida en soporte videográfico e fotográfico de reportaxes de saídas, conmemoracións aloxadas na páxina web do centro.

Edición do exemplar Nº 37 da revista Outeiro.

Elaboracións de coleccións: refráns, panxoliñas, receitas, lendas....

Exposicións de murais elaborados con fotografía a partir das propias experiencias d@s alumn@s.

Elaboración de materiais de apoio, para nenos/as con necesidades educativas especiais en lingua galega.

Excursións pola localidade para observar e analizar os vestixios da nosa historia. Visitamos vilachá e Cereixa acompañados do arqueólogo Xosé Gago que nos deu cunhas formidable clases da nosa historia a través da observación directa .

En Pobra do Brollón, 24 de xuño de 2021

Vª e PRACE

COORDINADORA DA DIRECTORA



H.S.Do: Adoración Fernández González

Asdo: Adoración Fernández González